



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2019/20

DEPARTAMENTO DE LINGUA E LITERATURA GALEGA

Conforme ditan as *Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia*, o Departamento de Lingua e Literatura Galega reuniuse de maneira telemática o día 30 de abril e decidiu realizar as seguintes modificacións na súa Programación Didáctica do curso actual.

MATERIA E CURSO:	LINGUA E LITERATURA GALEGA 1º BACHARELATO
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE <i>(Estándares de aprendizaxe imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)</i>	
<p>No 3º trimestre como materia nova veremos autores do prerrexurdimento (Pintos, Añón, A. Camino) e do rexurdimento (Rosalía, Pondal, Curros), ademais dunha ampliación das diferentes tipoloxías de textos e as súas propiedades. De resto, serán actividades de reforzo daquilo xa traballado nos dous primeiros trimestres. De aí que as actividades estean encamiñadas ao desenvolvemento dos seguintes estándares de aprendizaxe imprescindíbeis:</p> <ul style="list-style-type: none">-Comprende e explica a obra de Pintos, Añón, Camino, Rosalía, Pondal e Curros.-Le comprensivamente diferente tipos de textos.-Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas.-Identifica a idea principal da secundaria.-Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto.-Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes.-Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.-Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.	
COMPETENCIAS BÁSICAS <i>(Competencias imprescindibles que debería desenvolver o alumnado para cada materia que servirán de referente para o deseño das actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación que se desenvolvan durante o terceiro trimestre.)</i>	
<p>Competencias imprescindíbeis que debe desenvolver o alumando nesta materia de Lingua Galega e Literatura para o 3º trimestre.</p> <ul style="list-style-type: none">• Comunicación lingüística (CCL)• Competencia dixital (CD)• Aprender a aprender (CAA)• Conciencia e expresións culturais (CCEC)	
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	

PRESENCIAL¹:	
TELEMÁTICA:	<p>O terceiro trimestre terá só unha avaliación positiva, en que se poderá conseguir unha cualificación máxima de 1,5 puntos desglosada da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura e traballo escrito dunha obra literaria entre un abano de 9 obras posíbeis, que será enviada ao correo do profesor (0,5 puntos) • Exercicios sobre textos de X. M. Pintos, F. Añón, A. Camino, Rosalía, Pondal e Curros, así como sobre diferente tipoloxía de textos (1 punto) <p>A cualificación obtida neste terceiro trimestre sumarase á media alcanzada nos outros dous trimestres.</p>
<p>CUALIFICACIÓN DA AVALIACIÓN ORDINARIA <i>(Realizárase sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie o alumnado.)</i></p>	
<p>A cualificación obtida coas actividades do 3º trimestre (até 1'5 puntos) sumarase á media alcanzada nos dous trimestres anteriores.</p>	

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE:

A adaptación da programación didáctica 2019/20 do departamento de Bioloxía e Xeoloxía será publicada na páxina web do centro IES Canido.

En Ferrol, a 30 de abril de 2020

Henrique Dacosta López

Profesor de 1º de BACHARELATO